



aula

BLANCO TORRES

1891-1936

GL 1999
LETRAS
ALEGAS

a súa vida

○ poeta e xornalista Roberto María Blanco Torres naceu en 1891 no lugar dos Baños, pertencente ao concello pontevedrés de Cuntis.

Non frecuentou a escola, mais recibiu do pai, ex-seminarista, unha formación centrada en lingua e literatura latinas, que continuou de maneira autodidacta e ficou plasmada na súa escrita.

Tras a morte dos pais, Roberto emigrou en 1906 a Cuba, onde moraban desde había tempo dous irmáns seus. Axiña demostrou o seu gusto pola poesía e pola actividade xornalística, colaborando desde moi novo na prensa galega e cubana da illa.

No ano 1916 Blanco Torres (que tamén escribiu baixo os pseudónimos Fray Roblanto, Manrique Crespo e Cirilo Crespo) voltou a terras galegas (Ourense, Pontevedra, Vigo), onde proseguíu coa súa carreira xornalística.

Desde este momento e ata a súa morte dirixiría varias publicacións periódicas (El Noroeste, El Correo Gallego, La Zarpa, Progreso, La República...)

Establecido definitivamente en Galiza a súa pluma estaría presente aínda nas publicacións nacionalistas (A Nosa Terra, Nós, Rexurdimento) e, a partires do golpe de Estado de Primo de Rivera (1923), centraría os seus esforzos en burlar a censura política exercida nos xornais, sobre todo desde o seu posto de vocal na Asociación da Imprensa de Vigo cargo que ostentaba desde 1930.

Paralelamente desenvolveu un considerable labor político dentro da esfera republicana, sempre próximo a posturas galeguistas.

Cando se produciu o levantamento armado de 1936, estaba a ocupar o posto de xefe do Gabinete de Imprensa do Ministerio de Gobernación, caeu preso na súa casa de Amido, na Peroxa (Ourense), sendo trasladado ao cárcere ourensán. Meses despois sería "paseado" na aldea ourensá de San Fiz de Galez, en Entrimo.

Enterrado nunha fosa común, ningunha indicación permite coñecer o lugar exacto da súa sepultura.

